

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN PERMANENTE DA XUNTA DA FACULTADE DE HISTORIA DO 30 DE XANEIRO DE 2018

Lista de asistentes

Equipo Decanal

Cadilla Lomba, Josefina T.
Reboreda Morillo, Susana
PDI

Barriocanal López, Yolanda
Prada Rodríguez, Julio
Vaquero Díaz, Beatriz

PAS

Rodríguez Bouzas, Josefa

Desculpan a súa ausencia

PDI

Comendador Rey, Beatriz

No Decanato da Facultade de Historia do campus de Ourense, reúnen-se os membros da Comisión Permanente, o martes 30 de xaneiro de 2018, ás 12.00 horas en segunda e definitiva convocatoria, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1.- Aprobación, se procede, das seguintes actas da comisión permanente: ordinaria do 14 de setembro de 2016, extraordinaria do 29 de xuño de 2017 e extraordinaria do 21 de decembro de 2017.

2.- Aprobación, se procede, do cambio nos horarios da materia Historia contemporánea de España.

3.- Aprobación, se procede, da solicitude dunha estudante Erasmus de Italia sobre cursar materias en réxime de semipresencialidade.

4.- Rogos e preguntas.

1. Aprobación, se procede, das seguintes actas da comisión permanente: ordinaria do 14 de setembro de 2016, extraordinaria do 29 de xuño de 2017 e extraordinaria do 21 de decembro de 2017.

Apróbanse por asentimento.

2. Aprobación, se procede, do cambio nos horarios da materia Historia contemporánea de España.

Explica a decana que o profesor Alberto Valín Fernández, está de baixa por enfermidade, o que motiva un cambio no horario dunha das materias que tiña asignada a docencia no segundo cuatrimestre, que quedarían : luns de 4.00 – 6.00 h, martes de 9.00 – 12.00 h e xoves 4.00 – 5.00 h. Asumirán a docencia os profesores Jesús de Juana López , Julio Prada Rodríguez e Xosé Ramón Campos Álvarez.

Na outra materia que tiña asignada na facultade, Introducción á historiografía, non se producen cambios nos horarios , asume a docencia Maiquel Vázquez Carnero.

Apróbase por asentimento.

3. Aprobación, se procede, da solicitude dunha estudante Erasmus de Italia sobre cursar materias en réxime de semipresencialidade.

Indica Susana Reboreda, responsable de relacións internacionais da Facultade de Historia, que recibiu unha solicitude por parte de Sara Tagliabracci, alumna Erasmus da Universidade de Siena, que estuda na Facultade de Filoxía e Tradución da Universidade de Vigo e que desexa cursar dúas materias (Historia Moderna Universal e Historia Contemporánea Universal) no noso centro; dado que a Facultade de Historia está no campus de Ourense e ela ten a súa residencia no campus de Vigo, pide realizar as citadas materias a través da modalidade semipresencial.

Apróbase por asentimento a súa petición sentando un precedente para casos similares de solicitudes de estudantes Erasmus.

4. Rogos e preguntas.

Non se presentan.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 12.30 h do día 30 de xaneiro de 2018, da que eu como secretaria dou fe, co visto e praxe da decana.

A decana

A secretaria

Susana Reboreda Morillo

Josefina T. Cadilla Lomba